



2024

Regulamento de réxime interno



ÍNDICE

PREÁMBULO	3
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS	4
Artigo 1. Constitución, natureza e réxime xurídico	4
Artigo 2. Obxecto, ámbito de actuación e vixencia.....	4
CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E GOBERNANZA	6
Artigo 3. Órganos de goberno, dirección, xestión e consultivos.....	6
Artigo 4. Consello Reitor	6
Artigo 5. Dirección Científica.....	6
5.1. Funcións	7
5.2. Comité de Dirección	7
5.3. Comisións, unidades operativas e áreas funcionais	8
Artigo 6. Comité Científico	8
Artigo 7. Comité Asesor Externo (CAE) / External Advisory Board (EAB)	9
CAPÍTULO III. ADSCRICIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN AO CIM	10
Artigo 8. Persoal investigador do Centro	10
8.1. Categorias de Persoal Investigador.....	10
8.2. Investigadores/as Principais do CIM	11
8.3. Investigadores/as Garantes do CIM.....	11
Artigo 9. Persoal de apoio do Centro.....	11
Artigo 10. Grupos de Investigación.....	11
Artigo 11. Procedemento de adscrición e des adscrición do persoal investigador principal...11	
CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO E XESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS E FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO.....	13
Artigo 12. Réxime económico	13
Artigo 13. Orzamentos.....	13
Artigo 14. Recursos	13
CAPÍTULO V. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO.....	13
Artigo 15. Modelo de seguimento e avaliación de actividades	13
CAPÍTULO VI. POLÍTICA DE ESPAZOS.....	14
Artigo 16. Localización	14
CAPÍTULO VII. POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS	14
Artigo 17. Equipamento	14
Artigo 18. Servizos de apoio	15
CAPÍTULO VIII. POLÍTICA DE PUBLICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO CIM	15

Artigo 19. Sinatura científica e filiación.....	15
CAPÍTULO IX. POLÍTICA DE IGUALDADE, DIVERSIDADE, INCLUSIÓN E SOSTIBILIDADE	16
Artigo 20. Igualdade de xénero, diversidade e inclusión	16
Artigo 21. Sostibilidade	16
DISPOSICIÓN FINAL	17

Preámbulo

A Lei orgánica 2/2023 do Sistema Universitario reconece a capacidade das universidades do sistema público español para crear estruturas adecuadas para desenvolver, transferir, intercambiar e promover a investigación científica, tecnolóxica, humanística, social ou cultural. Nese obxectivo, a Lei establece que as universidades poden organizar libremente os seus propios centros de apoio á investigación que, ligados a centros educativos, escolas ou facultades, ou integrados nos parques científicos e tecnolóxicos que as universidades puideron crear, permitan consolidar as estruturas de I+D+i preexistentes.

Por outra banda, o Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia centra un dos seus eixes estratéxicos no desenvolvemento de estruturas organizativas de investigación da Universidade. Estes aspectos desenvólvense máis concretamente na orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 30 de xaneiro de 2019, que establece as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de Unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario Galego.

Como parte da súa estratexia para promover actividades de I+D+i, a Universidade de Vigo creou Centros de Investigación (CI), entre os que está o Centro de Investigación Mariña, CIM- UVigo (en adiante, CIM), constituído como un Centro multidisciplinar para a xeración e transferencia do coñecemento do mar. Os Centros de Investigación son estruturas específicas de investigación que proporcionan tarefas de I+D+i no ámbito da súa competencia na Universidade de Vigo e que teñen carácter estratéxico, tal e como se recolle na normativa de Grupos, Agrupacións e Centros de Investigación da Universidade de Vigo, do 26 de xuño de 2019. Estes últimos poderán estar dotados de personalidade xurídica propia se así o aconsella a evolución da súa actividade, para facilitar a captación de recursos externos, a xestión e a estabilización do seu persoal.

O CIM está considerado como un Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia e recibiu financiamento plurianual da Consellería de Cultura, Educación e da Xunta de Galicia desde o ano 2016.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Constitución, natureza e réxime xurídico

O CIM constituíuse como unha agrupación estratéxica en 2008, dependendo organicamente da Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo, sendo considerado como Centro Singular de Investigación da Xunta de Galicia (2016-2019), Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia desde 2020 e Centro de Investigación da Universidade de Vigo (Regulamento 26 de xuño de 2019).

O Centro forma parte dunha rede de centros de excelencia do Sistema Universitario de Galicia, co fin de promover a integración de grupos de investigación de referencia relacionados e así mellorar a súa competitividade.

O CIM réxese por:

- Lei orgánica de Universidades e as súas disposicións reguladoras (Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario).
- Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e a innovación en Galicia, que deroga a Lei 12/1993, de 6 de agosto, de fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
- Os estatutos da Universidade de Vigo e os seus decretos e normas de desenvolvemento, en particular o Regulamento de Grupos, Asociacións e Centros de Investigación, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 26 de xuño de 2019.

O presente regulamento de réxime interno establece as funcións xerais do CIM, así como a súa estrutura orgánica e funcións dos equipos e unidades de investigación que o conforman, e será actualizado de acordo coas necesidades e esixencias normativas institucionais.

Artigo 2. Obxecto, ámbito de actuación e vixencia

O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) é o elemento central da estratexia mariña da Universidade e constitúe un polo de investigación multidisciplinar de referencia aos niveis local, estatal e internacional no ámbito da xeración e transferencia do coñecemento do mar.

En consonancia coas estratexias europeas, nacionais e autonómicas da investigación mariña, o CIM ten como obxectivo xeral contribuír á conservación e uso sostible dos océanos, mares e recursos mariños, a través da xeración e transferencia de coñecemento baseado na ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Os obxectivos principais inclúen:

- Avanzar no coñecemento das ciencias mariñas a través dunha investigación multidisciplinar.
- Fomentar o desenvolvemento institucional e a innovación a nivel local, rexional, nacional e internacional, promovendo, facilitando e asesorando en investigación mariña.
- Impulsar a innovación e transferencia de resultados de investigación mediante a colaboración con entidades públicas e privadas.
- Desenvolver infraestruturas e programas de investigación conxuntos con centros nacionais e internacionais de I+D, co fin de crear un entorno de excelencia en ciencia e tecnoloxía con recoñecemento internacional.
- Formar persoal investigador competitivo e liderar programas docentes de excelencia no campo das ciencias do mar.

- Estimular a creación e consolidación de equipos de investigación de excelencia.
- Contribuír a reducir a distancia de xénero na ciencia e tecnoloxía.
- Sensibilizar á sociedade da importancia dos mares e océanos e da necesidade dunha explotación sostible e da sostibilidade dos seus recursos para a súa conservación.
- Participar en calquera outra actividade relacionada coa investigación, formación, transferencia e difusión dentro das liñas estratéxicas de actuación e investigación do Centro.

O CIM establécese por tempo indefinido e o seu regulamento interno será actualizado cando así o requiran as súas necesidades internas.

Capítulo II. Estrutura e gobernanza

Artigo 3. Órganos de goberno, dirección, xestión e consultivos

O CIM estará rexido polos seguintes órganos de goberno, dirección e consultivos:

- O Consello Reitor
- O/a Director/a
- Comité Científico

Ademais, o CIM establecerá un Comité Asesor Externo (CAE) para o seu asesoramento e avaliación. Xunto con estes órganos, o CIM poderá crear subdireccións, comisións ou grupos de traballo adicionais conforme sexa necesario para garantir o bo funcionamento do Centro.

Artigo 4. Consello Reitor

O Consello Reitor será o órgano de goberno superior e estará constituído por:

- Reitor/a da Universidade, ou persoa na que delegue, que presidirá a comisión.
- Representante da Vicerreitoría con competencias en Investigación .
- Representante da Xerencia.
- Representante do Consello Social.
- Representante da Xunta de Galicia.
- Representación doutras institucións e entidades públicas e/ou privadas que contribúan de forma significativa ao sostemento do Centro e que participen nos seus obxectivos.

O Consello Reitor deberá, entre outras funcións:

- Propoñerlle ao Reitor/a o nomeamento e destitución do Director/a e establecer os mecanismos para a súa selección.
- Aprobar o nomeamento de subdirectores/as e a proposta do/a Director/a.
- Invitar ao Director/a do Centro a participar nas sesións e reunións que se manteñan co fin de manter unha comunicación clara e fluída na toma de decisións.
- Propoñer ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo a modificación do presente réxime interno.
- Aprobar o Plan estratéxico do Centro e as súas modificacións.
- Arbitrar os mecanismos para a avaliación do cumprimento dos obxectivos do Centro, entre os que están a aprobación do Comité Asesor Externo.
- Aprobar o Plan de acción do Centro en consideración dos informes realizados polo Comité Asesor Externo.
- Traballar para contribuír a que o Centro dispoña dos espazos físicos e recursos para desempeñar o seu traballo nas mellores condicións posibles.
- Aprobar as memorias anuais de actividades e económica e dar conta das mesmas aos consellos de goberno das universidades.

O Consello Reitor reunirse en sesión ordinaria cando menos dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, cando sexa convocado por solicitude da metade máis un dos seus membros, ou polo/a Director/a de Centro por decisión propia.

Artigo 5. Director/a

O/A Reitor/a nomeará ao/á Director/a do Centro por un período de catro anos, prorrogable outros catro anos máis, de entre o persoal PDI do Centro e por proposta do Consello Reitor, considerando o informe do Comité Asesor Externo.

5.1. Funcións

- Exercer a dirección do Centro e ostentar a súa representación.
- Promover e fomentar as relacións do Centro con institucións, organismos públicos e empresas, co fin de promover a rendibilidade científica dos investimentos.
- Asistir ás reunións do Consello Reitor a petición deste.
- Organizar e coordinar os recursos materiais e persoais dispoñibles para o bo funcionamento do Centro.
- Promover o desenvolvemento e actualización da axenda científica do CIM, impulsando mecanismos e procedementos que promovan un alto nivel científico e fomenten a colaboración entre grupos de investigación do Centro e con grupos e centros externos.
- Impulsar iniciativas para a captación de recursos financeiros no marco autonómico, nacional ou internacional, tanto no ámbito público como privado, que permitan avanzar nos obxectivos do CIM.
- Executar o orzamento, coa autorización dos distintos pagamentos dentro dos límites establecidos polo Consello Reitor e segundo a normativa da Universidade de Vigo.
- Propoñer a contratación de persoal do Centro.
- Elaborar a memoria anual de actividades.
- Elaborar a planificación estratéxica do Centro e o deseño de medios para a súa implantación e seguimento, así como transmitir ao persoal investigador e técnico as directrices adecuadas para que a actividade do Centro se axuste ao seu Plan estratéxico e aos obxectivos científicos nel contidos.
- Nomear polo menos un/ha subdirector/a, se é o caso, que deberá ser ratificado/a polo Consello Reitor, así como definir as funcións do referido cargo.
- Nomear ata cinco membros entre o persoal investigador adscrito ao Centro e/ou persoal xestor para que formen parte do Comité de Dirección.
- Colaborar nos procesos de avaliación externa do Centro.
- Traballar para o cumprimento do código de boas prácticas do Centro por parte de todo o persoal integrante do mesmo, tomando as medidas ao seu alcance para tal fin.
- Xestionar o espazo dispoñible do Centro entre o persoal investigador.
- Calquera outra función que lle sexa encomendada expresamente polo Consello Reitor.

O/A Director/a do Centro cesará no seu cargo:

- A petición propia.
- Por revogación do Consello Reitor.
- Por causa legal.

5.2. Comité de Dirección

A función de dirección do Centro poderá apoiarse nun Comité de Dirección encargado de asesorar ao/á Director/a na toma de decisións relacionadas co funcionamento do Centro, así como de colaborar na planificación estratéxica e operativa, e na execución das accións previstas nos plans estratéxicos, especialmente aquelas relacionadas con:

- Desenvolvemento do Plan de Acción anual.
- Despregamento da axenda científica e estratéxica e da proxección internacional.
- Optimización e desenvolvemento de infraestruturas, mellora e xestión operativa.
- Seguimento das accións de transferencia, proxección social e ciencia aberta.
- Progreso da carreira científica do persoal investigador do Centro.
- Contribución á implementación do Regulamento do Centro e súa posible modificación.

Ademais, o Comité de Dirección encargárase da elaboración e implementación de normativas internas de funcionamento, suxeitas á aprobación polo Comité Científico e o Consello Reitor do Centro, e colaborará na elaboración das memorias e informes de actividade do Centro.

Este comité estará integrado polo/a Director/a, o/a Director/a da ECIMAT, e se fora o caso, os/as subdirectores/as do Centro, ata un máximo de cinco investigadores/as adscritos/as ao Centro ou xestores/as designados polo/a Director/a.

O Comité de Dirección deberá reunirse polo menos unha vez ao mes ou cando o/a Director/a así o convoque.



5.3. *Comisións, unidades operativas, áreas funcionais e grupos de traballo*

A Dirección poderá dotarse de comisións, unidades operativas, áreas funcionais ou grupos de traballo, permanentes ou conxunturais que, sen modificar a gobernanza do Centro, contribúan a facilitar o seu mellor funcionamento. Sen menoscabo do anterior, a estrutura operativa do CIM complétase con:

- A Unidade Técnica de Xestión que, dotada de persoal propio da UVigo e con persoal vinculado a programas e proxectos do Centro, asume funcións de apoio na xestión técnica, económica, de persoal, administrativa, de I+D, de transferencia e comunicación e divulgación.
- A Comisión de Igualdade e Sostibilidade, que asume os obxectivos e funcións establecidos no Capítulo IX do presente regulamento.

Para facilitar o desenvolvemento dun modelo colaborativo e transdisciplinar, abordar os diferentes desafíos mediante a integración óptima dos grupos e a cohesión das diversas capacidades de investigación do Centro, a Dirección do CIM poderá establecer áreas funcionais operativas, que estarán coordinadas por persoal investigador membro do Comité Científico ou xestores/as do Centro designados a proposta do/a Director/a.

A Dirección do Centro poderá establecer áreas operativas funcionais co obxectivo de impulsar a colaboración transdisciplinar e a integración e cohesión de grupos, equipos e capacidades de investigación e para afrontar retos específicos. Estas áreas serán coordinadas por persoal investigador do Comité Científico ou persoal xestor designados polo Director/a do Centro.

Artigo 6. Comité Científico

O Comité Científico actuará como órgano consultivo en aspectos de investigación e transferencia, sendo presidido polo Director/a do Centro, e integrado polos/as investigadores/as garantes, o/a Director/a da ECIMAT, e os/as coordinadores/as de cada un dos grupos de investigación do Centro, actuando un/unha como secretario/a a proposta do Director. Complementariamente, formaran parte do Comité Científico dúas persoas representantes dos investigadores/as R2 (persoal investigador posdoutoral) elixidos/as por maioría entre este colectivo.

A proposta do Director/a, poderán incorporarse ata tres investigadores/as principais do CIM que, sen pertencer aos grupos anteriormente citados, podan aportar unha experiencia singular ou valor referencial de interese para o desenvolvemento das funcións do Comité Científico do Centro.

O Comité Científico deberá reunirse polo menos unha vez ao ano ou cando o/a Director/a o convoque, en todo caso, cando así o soliciten o vinte por cento dos seus membros. O/a secretario/a redactará a acta dos asuntos tratados nas súas reunións que será posta a disposición de todo o persoal do Centro.

As funcións do Comité Científico son:

- Propoñer melloras nas prestacións e no funcionamento do Centro.
- Asesorar sobre as prioridades na adquisición de infraestruturas comúns.
- Suxerir a realización de novas infraestruturas ou a mellora das existentes.
- Propoñer programas de formación e divulgación.
- Propoñer estratexias de colaboración externas e internacionais.
- Asesorar e propoñer accións que permitan mellorar as relacións do CIM con institucións e organismos públicos e empresas.
- Colaborar na elaboración da memoria anual do Centro.
- Informar sobre a proposta do Plan Estratéxico do Centro previa a súa aprobación polo Consello Reitor.
- Informar a incorporación de novos grupos e/o de membros ao Centro.
- Aprobado as normativas internas de funcionamento do Centro.
- Propoñer ao Consello Reitor candidatos/as a Director/a.
- Propoñer ao Consello Reitor a modificación do regulamento do Centro.

O Comité Científico poderá crear grupos de traballo específicos para o estudo, o informe ou a resolución de asuntos concretos.

Artigo 7. Comité Asesor Externo (CAE) / External Advisory Board (EAB)

O Comité Asesor Externo (CAE) será un órgano asesor formado por investigadores/as de recoñecido prestixio internacional no ámbito de actuación do Centro. Os seus membros serán propostos pola Dirección e/ou o Comité Científico, durante un período de dous anos renovables a outros dous e aprobados polo Consello Reitor.

A misión do CAE é proporcionar recomendacións estratéxicas á Dirección do Centro e subsidiariamente ao Consello Reitor, sobre as actividades de investigación e innovación do Centro, así como sobre a organización do mesmo.

Conforme a ese obxectivo xeral, deberá reunirse polo menos una vez ao ano e poderá ser consultado a petición da dirección do Centro ou do Consello Reitor para o mellor desenvolvemento das seguintes funcións:

- Asesorar á Dirección do Centro e ao Consello Reitor sobre a definición temática e orientación do proxecto científico a desenvolver no CIM, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- Asistir á Dirección do Centro e ao Consello Reitor sobre o seguimento da evolución da axenda científica do Centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- Avaliar e informar sobre o interese da adscrición de novos/as investigadores/as ao Centro.
- Informar e avaliar periodicamente a actividade científica do Centro e do seu persoal investigador, de acordo cos mecanismos de seguimento establecidos neste Regulamento, e conforme aos procedementos que considere oportunos atendendo a:
 - Información sobre a memoria de actividades anual do Centro.
 - Avaliación global, cada catro anos, da actividade do Centro.
 - Avaliación periódica da actividade científica do persoal investigador vinculado ao Centro e a emisión dos correspondentes informes de valoración.

Capítulo III. Adscripción de persoal investigador e grupos de investigación ao CIM

O CIM contará con persoal investigador e persoal de apoio (técnico/administrativo) que estará adscrito ao Centro de investigación.

10

Artigo 8. Persoal investigador do Centro

O persoal investigador adscribirase en base aos criterios e procedementos establecidos para este fin. Dita filiación suporá unha adscripción do 100% da produción científica ao Centro. Os resultados da produción científica deberán dispoñer dunha clara filiación ao CIM na maioría das contribucións dun grupo ou investigador/a.

8.1. Categorías de Persoal Investigador

8.1.1. Persoal investigador permanente da Universidade de Vigo

A vinculación ao CIM estará necesariamente asociada á súa selección en convocatorias abertas e competitivas e ao informe positivo do Comité Asesor Externo e deberá cumprir de forma obrigatoria as seguintes condicións mínimas:

- Pertenza á Universidade de Vigo.
- Investigación aliñada cos obxectivos do CIM, demostrable con publicacións e proxectos de investigación.

Ademais, deberá cumprir polo menos un dos seguintes requisitos no momento da súa adscripción.

- Ter un sexenio de investigación ou transferencia activo ou equivalente.
- Dirección dun proxecto de investigación ou contrato de I+D activo.

8.1.2. Persoal investigador non permanente da Universidade de Vigo

Enténdese por tal, o persoal investigador doutor contratado especificamente con cargo a programas de RRHH competitivos ou proxectos do Centro, ou ben persoal alleo á Universidade de Vigo, vencellado a liñas ou proxectos estables do Centro, e cuxa adscripción deberá validarse mediante a subscripción do correspondente convenio institucional.

A adscripción deste persoal será solicitada por escrito por un grupo de investigación e será considerado persoal do Centro a partir da súa aprobación pola Dirección do CIM, unha vez superado o oportuno proceso de selección que deberá incluír o informe positivo do Comité Asesor Externo.

8.1.3. Persoal investigador asociado

Persoal investigador pertencente a un grupo ou equipo de investigación da Universidade de Vigo asociado ao CIM, que non reúne os criterios de pertenza ao Centro ou non ten participado nos procesos de avaliación.

8.1.4. Persoal investigador en formación

Tamén formará parte do CIM o persoal investigador en formación que desenvolva o seu traballo baixo a dirección dun/dunha investigador/a adscrito/a ao Centro e conte cun contrato de carácter temporal con cargo a programas de RRHH competitivos ou con cargo a proxectos de investigación do Centro.

8.1.5. Persoal investigador colaborador

Persoal da Universidade de Vigo ou doutras institucións que, baixo a tutela dun grupo do CIM, traballa nas instalacións do Centro. O persoal colaborador non contará coa filiación ao CIM nin se considerará adscrito ao mesmo.

8.2. Investigadores/as Principais do CIM

De acordo coa organización científica do Centro, terán a condición de Investigadores/as Principais do CIM, os investigadores/as adscritos/as permanentes e aqueles/as investigadores/as adscritos/as non permanentes, que concorran e superen o oportuno proceso de selección, de acordo co procedemento establecido no presente regulamento.

8.3. Investigadores/as Garantes do CIM

O CIM contará, en todo momento, cun número significativo de Investigadores/as Garantes, considerando como tales aos/ás investigadores/as adscritos/as Principais que, por reunir criterios de excelencia e competencia científica, avalen e garantan o desenvolvemento da axenda científica e os obxectivos do Centro.

O Comité Asesor Externo do CIM poderá identificar e avaliar, cando así se requira, ao persoal investigador adscrito que cumpran a condición de Investigadores/as Garantes en base a criterios de excelencia e impacto da produción científica, o liderado de proxectos internacionais e nacionais e/ou a transferencia de coñecemento significativa ás contornas sociais e produtivas nos últimos 10 anos.

Artigo 9. Persoal de apoio do Centro

O CIM contará con persoal de apoio, tanto técnico como administrativo, asignado ou contratado pola Universidade de Vigo, que realizará tarefas de apoio ou de xestión asociadas ao CIM. A Dirección do Centro será a responsable de identificar as necesidades deste tipo de persoal e propoñer a súa adscrición ou contratación de acordo coa lexislación vixente e baixo o control e supervisión da Universidade de Vigo.

Artigo 10. Grupos de Investigación

O Centro integrará aos grupos de investigación da Universidade de Vigo aos que pertencen os/as Investigadores/as Principais do CIM, que cumpran os criterios do artigo 8. O/A coordinador/a científico/a do grupo será membro nato do Comité Científico do Centro e poderá delegar a súa representación noutro membro do grupo con posición estable.

En todo caso, a vinculación do grupo co CIM implica a vinculación das súas liñas de investigación aliñadas coa estratexia e obxectivos científicos do CIM, e a solicitude de admisión como grupo será informada previamente polo Comité Científico, e contará cun informe do CAE sobre a súa idoneidade.

Artigo 11. Procedemento de adscrición do persoal investigador principal

A adscrición ao CIM de persoal investigador permanente e a adscrición do persoal non permanente na condición de Investigador/a Principal, levarase a cabo a través de procesos competitivos de selección, avaliados polo Comité Asesor Externo do CIM, e que aprobará o Consello Reitor a proposta da Dirección. A selección realizarase en base a criterios de calidade investigadora, liderado científico e idoneidade coas prioridades científicas do Centro.

A adscrición do persoal investigador ao CIM implicará o compromiso de aceptación das normas específicas de funcionamento e organización, de traballo e de xestión de espazos e instalacións

que en cada caso se establezan o que, no caso do persoal investigador principal do Centro, quedará debidamente documentado a través da sinatura dun compromiso de vinculación.

A adscrición de persoal investigador ao CIM será única, considerándose que a súa actividade de investigación e a súa produción científica a efectos de filiación e valoración de indicadores estarán adscritas ao mesmo. A vinculación ao Centro afectará ao desenvolvemento da actividade investigadora, sen que supoña, no seu caso, a perda de adscrición ao Departamento da Universidade de Vigo ao que pertenza e sen menoscabo das súas obrigas docentes.

A adscrición do persoal investigador ao Centro pode finalizar:

- A instancias do Consello Reitor do Centro, na base das recomendacións do Comité Asesor Externo e/ou da Dirección do CIM.
- A instancias do/a interesado/a, por calquera causa, cun aviso previo de nove meses, salvo que haxa un acordo para establecer outro prazo.
- Por perda da vinculación coa Universidade.
- No caso de persoal investigador pertencente a outra institución, por perda de vinculación coa institución de orixe ou por perda de vixencia do convenio institucional ou autorización que ampare a adscrición ao Centro.

Capítulo IV. Réxime económico e xestión de recursos económicos e funcionamento administrativo

Artigo 12. Réxime económico

O Consello Reitor aprobará anualmente o orzamento de ingresos e gastos do Centro, así como a liquidación do exercicio pechado.

O CIM levará o correspondente control económico-financeiro de acordo coa normativa vixente.

Artigo 13. Orzamentos

O CIM, como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia, ten un orzamento anual de xestión económica propia con aplicación orzamentaria anual, e deberá realizar un seguimento dos ingresos e gastos derivados da súa actividade. A Universidade de Vigo, tal e como indica o Regulamento de Centros, subscribirá un programa soporte co CIM, que describirá a condición da axuda prestada pola Universidade.

As instalacións do CIM disporán dunha asignación anual por parte da Universidade de Vigo, para gastos do edificio da ECIMAT, contratos de mantemento (electricidade, ascensores, gas, etc.), reparacións, axudas para a formación, gastos xerais dos servizos, etc.

Os custos de mantemento das instalacións e equipamento do CIM necesarios para o seu correcto funcionamento, serán sufragados pola Universidade de Vigo con cargo ás súas aplicacións orzamentarias.

Artigo 14. Recursos

Consideraranse como ingresos do Centro os seguintes:

- Axudas obtidas a través de convocatorias públicas ás que pode concorrer o Centro.
- Os importes procedentes de proxectos e contratos de I+D liderados polo persoal do Centro.
- As axudas, subvencións e doazóns concedidas ao Centro por organismos ou entidades públicas e por persoas ou entidades privadas.
- Os ingresos da Universidade de Vigo que sexan establecidos nos correspondentes programas soporte.

Capítulo V. Avaliación e seguimento

Artigo 15. Modelo de seguimento e avaliación de actividades

A actividade do CIM estará guiada por unha planificación estratéxica cuadrienal rigorosa, aprobada polo Consello Reitor, e estará sometida a mecanismos de seguimento e avaliación externa periódica. A avaliación realizarase por parte do Comité Asesor Externo en base a criterios de calidade científica, produtividade, cumprimento de obxectivos e adecuación ás liñas temáticas definidas para o Centro. Os informes de avaliación serán informados polo Comité Científico e trasladados ao Consello Reitor do Centro e ao Consello de Goberno da Universidade. O proceso de seguimento e avaliación responderá as pautas seguintes:

- Avaliación anual das memorias de actividade investigadora e actividade económica por parte do Consello Reitor, que analizará a evolución da actividade e o grao de cumprimento dos obxectivos definidos no plan estratéxico. As memorias correspondentes serán previamente informadas polo Comité Científico e o Comité Asesor Externo para a súa validación e remitidas ao Consello de Goberno da Universidade para o seu coñecemento.
- Avaliación global do CIM cada catro anos, consistente nunha análise rigorosa da actividade e da organización do Centro, e conducente á toma de decisións en canto á planificación estratéxica, ao uso de espazos e infraestruturas, á orientación temática da investigación, á vinculación do persoal investigador ao CIM e incluso á continuidade do Centro como tal.
- Avaliación do persoal investigador vinculado ao CIM, polo menos cada catro anos, por parte do Comité Asesor Externo en base á súa produtividade e calidade científica, e ao seu alíñamento co Plan Estratéxico e a axenda científica do Centro.
- Avaliación do persoal técnico e de administración vinculado ao CIM, polo menos cada catro anos. Se realizará por parte do Comité Científico en base a súa produtividade e desempeño no seu posto de traballo, e a súa necesidade en relación co plan estratéxico e a axenda científica do Centro.

Capítulo VI. Política de espazos

Artigo 16. Localización

O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM), atópase distribuído nos laboratorios dos grupos de investigación sitos nos Campus Universitarios de Vigo (Edifícios de CC Experimentais, Olímpia Valencia e Filomena Dato) e Ourense (Edificio Campus da Auga) e na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), sita na Illa de Toralla.

A Dirección do CIM será a responsable de xestionar os espazos comúns do Centro segundo as necesidades do momento e de implementar as directrices adoptadas polo Consello Reitor asesorada polas recomendacións do CAE relacionadas coa súa estruturación.

Capítulo VII. Política de infraestruturas

Artigo 17. Equipamento

O equipamento asignado aos edificios do CIM refírese aos bens e equipos de cada un dos servizos e/ou unidades que compoñen o Centro. Así mesmo considérase equipamento do CIM o equipamento pertencente aos grupos de investigación adscritos formalmente ao Centro, así como os equipos específicos considerados comúns localizados na ECIMAT.

A ECIMAT é unha infraestrutura singular asociada ao CIM, desde onde se prestan, organizan e xestionan os principais servizos comúns de investigación e asistencia técnica, a través dun sistema de xestión propio como Centro de Apoio á Investigación (CAI) da Universidade de Vigo.

Considéranse incorporados ao Centro todos aqueles bens e equipamentos que, a día de hoxe e no futuro, sexan adquiridos con orzamentos destinados ou asignados ao CIM.

O Comité Científico asesorará anualmente das necesidades e prioridades do persoal investigador en relación cos novos equipos, recollendo información relacionada cos mesmos co fin de presentarse a diferentes convocatorias de infraestruturas.

Tras a autorización da Vicerreitoría con competencias en Investigación, a Dirección do Centro, xunto coa unidade de xestión e os/as investigadores/as solicitantes, prepararán as solicitudes de equipamento de forma centralizada.

Artigo 18. Servizos de apoio

O Centro poderá prestar servizos de apoio a distintas actividades investigadoras, de formación e de comunicación, tanto ao persoal investigador como ao persoal en formación da Universidade de Vigo, así como a calquera organismo ou entidade pública ou privada que o solicite á Vicerreitoría con competencias en Investigación.

O uso dos servizos do CIM implica que os/as usuarios/as asuman a normativa interna de funcionamento do Centro, cumprindo as instrucións específicas para o uso das instalacións e equipos recibidas polo persoal responsable dos mesmos.

Para xestionar de forma axeitada o seu uso, e sempre que sexa posible, utilizarase o sistema de reservas previas do LIMS asociado aos servizos que oferta o CIM. Os/as usuarios/as deberán pagar as taxas de uso aprobadas polo órgano competente anualmente. Os/as usuarios/as serán responsables dos danos causados por un mal uso dos equipos.

Os custos xerados polo uso das infraestruturas cubriranse con tarifas baseadas en criterios obxectivos de custo e tipo de usuario. Ditas tarifas e tipos serán aprobadas anualmente polo Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Investigación da Universidade de Vigo.

A Comisión de Investigación poderá autorizar cambios destas taxas tanto para os equipos de investigación integrados no Centro, como para aqueles que fagan un uso continuado das mesmas.

Capítulo VIII. Política de publicación e visibilización do CIM

Artigo 19. Sinatura científica e filiación

En calquera publicación ou difusión de resultados científicos, aparición nos medios de comunicación e, en xeral, en todos os documentos xerados por razón da súa actividade, o persoal investigador do Centro fará constar sempre a súa adhesión ao CIM e o apoio das entidades financiadoras, segundo as normas de publicidade vixentes. En ningún caso se poderá empregar a imaxe corporativa do Centro con fins distintos aos indicados, agás que se conte coa autorización expresa da Dirección do Centro.

O persoal investigador adscrito ao Centro está obrigado a indicar este feito nas súas publicacións, patentes, convenios, contratos, presentacións, etc., independentemente de que se poidan incluír outras filiacións adicionais (departamento, facultade, etc.).

Deberá sinalarse en primeiro lugar o nome de “Centro de Investigación Mariña”, para facilitar a recompilación automática desta información a partir das diversas bases de datos dispoñibles.

Seguindo o Protocolo para a normalización da sinatura científica da Universidade de Vigo, a sinatura científica debe incluírse tal e como se indica a continuación, adaptando os nomes de departamento, grupo, cidade ou código postal en cada caso:

Centro de Investigación Mariña, Universidade de Vigo, opcional (nome do grupo, departamento, facultade, campus), código postal, cidade, España

Capítulo IX. Política de igualdade, diversidade, inclusión e sostibilidade

Artigo 20. Igualdade de xénero, diversidade e inclusión

O Centro aplicará con carácter transversal en todas as súas actividades políticas as medidas axeitadas para eliminar calquera desigualdade, directa ou indirecta, entre homes e mulleres, en coordinación coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. Os órganos de gobernanza do Centro, sempre que sexa posible, terán unha representación equilibrada de xeito que, o conxunto de persoas de cada xénero non superen o sesenta por cento (60%), nin sexa inferior ao corenta por cento (40%).

A efectos de asegurar a efectiva implementación dunha cultura de xénero e de inclusión pro activa no Centro, o CIM dispón dunha Comisión de Igualdade e Sostibilidade, con representación dos diferentes colectivos, que asume as funcións básicas seguintes:

- Establecer dinámicas que promovan o compromiso ético en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), impulsando as medidas establecidas a estes efectos polo Plan Estratéxico do CIM.
- Promover as políticas de igualdade de oportunidades asociadas ao desenvolvemento da carreira investigadora no CIM no marco do selo HRS4R.
- Garantir a non discriminación asociada a prexuízos por razón de nacionalidade, orixe étnica, cor da pel, estado civil, responsabilidade familiar, relixión, idade, discapacidade, condición social e sanitaria, xénero, orientación sexual, identidade e expresión de xénero ou calquera outra condición ou característica dunha persoa que non estea relacionada cos requisitos para desempeñar o seu traballo.
- Promover o desenvolvemento profesional valorando os coñecementos e habilidades necesarios para o desempeño do posto de traballo, mediante a avaliación dos obxectivos e do rendemento, e a formación de cada profesional nos coñecementos e habilidades necesarias para o bo desenvolvemento do seu traballo.
- Coordinarse coas estruturas de Investigación e Innovación Responsable (RRI) da UVigo.

Artigo 21. Sostibilidade

No desenvolvemento da súa misión, o CIM buscará un equilibrio entre a eficiencia económica e a equidade social, priorizando a conservación ambiental, a participación comunitaria e a investigación dirixida a resolver retos socio ambientais, baseándose en dous piares fundamentais:

- Priorizar a eficiencia no uso de materiais e enerxía para reducir custos e minimizar o impacto ambiental, ao tempo que se garante unha xestión responsable e sostible dos recursos.

- Promover a innovación en tecnoloxías e prácticas sostibles, ao tempo que se realizan investigacións dirixidas a abordar retos socio ambientais e promover a transferencia de coñecemento cara a accións concretas en beneficio da sociedade.

Disposición final

O presente regulamento de réxime interno entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, despois da súa aprobación por parte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

CIM
Centro de Investigación Mariña

Universidade de Vigo